



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade
e Avaliación Ambiental

meteogalicia

Informe climatolóxico marzo 2012

INFORME CLIMATOLÓXICO MES DE MARZO DE 2012



ÍNDICE

| | | |
|-------------|---|-----------|
| 1 | DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES | 2 |
| 2 | ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA | 3 |
| 3 | RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA..... | 5 |
| 4 | TEMPERATURA | 8 |
| 4.1. | Temperatura máxima media mensual..... | 8 |
| 5 | Temperatura mínima media mensual..... | 9 |
| 5.1. | Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000 marzo..... | 10 |
| 5.2. | Evolución da temperatura media no período 1961-2012..... | 14 |
| 6 | PRECIPITACIÓN | 15 |
| 6.1. | Precipitación acumulada mensual marzo 2012..... | 15 |
| 6.2. | Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal..... | 16 |
| 6.3. | Días de chuvia en marzo de 2012..... | 17 |
| 6.4. | Evolución da precipitación no período 1961-2012 | 19 |
| 7 | VENTO | 20 |
| 8 | RADIACIÓN SOLAR | 24 |
| 8.1. | Mapa de irradiación solar mensual..... | 24 |
| 8.2. | Anomalía de insolación con respecto ó valor normal | 25 |
| 9 | RAIOS..... | 26 |
| | Anexo: Resumo mensual | |

Data edición: 10/04/2012



Mes moi seco e cálido en xeral en toda a Comunidade

1 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de marzo estivo novamente determinado polo predominio das situación atmosféricas estables, coas altas presións situadas ao norte da península Ibérica, o que configura un mes moi seco e tamén cálido, posto que este anticiclón achegou masas de aire cálido cara a Galicia. Aínda así, o mes comezou cunha situación de certa inestabilidade ocasionada polo achegamento dun centro de baixas presións moi pouco activo que deixou na primeira xornada do mes algunhas chuvias febles no norte da Comunidade.

O día 2 tivemos una situación intermedia entre altas e baixas presións e foi nas xornadas do 3 e do 4 cando un centro de baixas presións achegouse novamente a Galicia. O día 3 as chuvias, aínda que febles foron bastante xeneralizadas e xa non tanto na xornada do día 4, cando baixaron as temperaturas pero as chuvias foron moito máis escasas e irregulares.

A partir do día 5 abriuse una etapa anticiclónica que se estendeu practicamente sen cambios ata o 17. O único salientable nestas 12 xornadas foi o achegamento dunha fronte na xornada do 7, que aínda que moi desfeita conseguiu chegar ao litoral norte de Galicia e deixar en xeral un aumento das nubes e algunha chuvia moi feble. O día 8 as altas presións recuperaron o dominio e xa non o perderon ata a xornada do 17, tal como se comentou anteriormente.

En canto ás temperaturas compre distinguir neste período dúas partes diferenciadas. Nos primeiros días, ata o achegamento da fronte no día 7, as temperaturas foron baixas, principalmente durante as madrugadas, rexistrándose aínda importantes xeadas nocturnas. Pero a partir do día 8 tivemos un primeiro episodio de chegada de aire cálido e seco procedente do norte de África que deixou altas temperaturas, que se deixaron notar principalmente nos valores diúrnos.



A parte máis cálida deste episodio tivo lugar entre o día 9 e o 15, con valores de temperatura máxima en xeral por riba dos 20°C, acadándose valores superiores aos 25°C en puntos de Ourense e sur de Lugo. Este episodio anticiclónico rematou bruscamente na xornada do 17. Ese día achegouse un centro de baixas presións cun sistema frontal bastante activo. Esta foi a única xornada deste mes na que tivemos un tempo de sudoeste, con chuvias persistentes e xeneralizadas e pouca oscilación térmica.

O día 18 podémolo describir como post-frontal, é dicir, caracterizado pola variabilidade e os chuvacos, sendo polo tanto as chuvias máis irregulares nesta xornada. A partir do día 19 novamente as altas presións dominaron claramente a situación sinóptica, sendo o episodio moi semellante ao vivido entre os días 9 e 15, é dicir, con altas presións estacionarias ao norte da península Ibérica achegando aire cálido e seco cara a Galicia.

Ata a xornada do día 31 a situación sinóptica non experimentou grandes cambios, aínda que os derradeiros 3 días do mes tivemos un descenso térmico principalmente no litoral ocasionado polo achegamento dunha masa de aire de orixe atlántica e polo tanto máis fresca e húmida que a que tiveramos en xornadas anteriores. O momento máis cálido desta serie de xornadas anticiclónicas tivo lugar entre os días 24 e 30 cando novamente superáronse os 20°C con moita facilidade, e incluso os 25°C en puntos do litoral e os 30°C en puntos illados do oeste de Ourense e do sur da provincia de Lugo.

2 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

Durante este mes continua unha situación parecida ao mes anterior, con altas presión tanto en superficie como no nivel de 500 hPa (ver figuras 1 e 2), co centro das anomalías de presión sobre o mar do Norte. Esta configuración bloqueou a chegada de sistemas frontais provenientes do Atlántico.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie, marzo de 2012.




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa, marzo de 2012.



3 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de Meteogalicia (Coruña, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET, e Lourizán, da CMATI), no período 1971-2000.

O valor climático corresponde co promedio destes 30 anos para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuva corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

A CORUÑA

| | MARZO 2012 | VALORES CLIMÁTICOS | valor máximo da serie | valor mínimo da serie |
|-------------------------|---------------|--------------------|-----------------------|-----------------------|
| Tª media | 13.0 | 11.7 | 15.0 (1997) | 9.1 (1971) |
| Tª mínima media | 9.0 | 8.6 | 10.5 (1997) | 6.3 (1971) |
| Tª mínima absoluta | 4.9 (día 6) | 0.6 (01/03/1993) | | |
| Tª mínima máis alta | 14.5 (día 24) | 17.0 (10/03/1981) | | |
| Tª máxima media | 17.8 | 14.9 | 17.7 (1998) | 12.0 (1971) |
| Tª máxima absoluta | 24.8 (día 27) | 25.6 (19/03/1990) | | |
| Tª máxima máis baixa | 12.7 (día 18) | 6.4 (07/03/1971) | | |
| Precipitación acumulada | 26 | 66-85 | 246 (1999) | 0 (1997) |
| Días de chuva (≥1mm) | 6 | 12 | 24 (1979) | 0 (1997) |

Comentario: Mes moi cálido en canto as temperaturas máximas e medias, mentres que o mes resulta normal téndose en conta a temperatura mínima.

A precipitación rexistrada é moi inferior ó rango de valores normais, polo que o mes considérase moi seco. O número de días de chuva é a metade do valor climático agardado.

**SANTIAGO**

| | MARZO 2012 | VALORES CLIMÁTICOS | valor máximo da serie | valor mínimo da serie |
|-------------------------|---------------|--------------------|-----------------------|-----------------------|
| Tª media | 12.4 | 11.2 | 14.7 (1997) | 8.4 (1984) |
| Tª mínima media | 6.6 | 6.2 | 7.5 (1994) | 3.5 (1984) |
| Tª mínima absoluta | 0.6 (día 19) | -1.5 (17/03/1984) | | |
| Tª mínima máis alta | 13.2 (día 25) | 12.2 (28/03/1998) | | |
| Tª máxima media | 19.5 | 16.1 | 22.1 (1997) | 13.1 (1985) |
| Tª máxima absoluta | 26.5 (día 26) | 27.1 (10/03/2000) | | |
| Tª máxima máis baixa | 10.4 (día 18) | 5.6 (01/03/1993) | | |
| Precipitación acumulada | 32 | 76-119 | 269 (1999) | 0 (1997) |
| Días de chuvia (≥1mm) | 4 | 11 | 19 (1991) | 0 (1997) |

Comentario: Mes moi cálido tendo en conta as medias da temperatura máxima e media, mentres que é normal para a temperatura media.

A chuvia acumulada neste mes é moi inferior ó valor climático agardado polo que o mes considérase moi seco. En canto ó número de días de chuvia tamén foi moi inferior ó esperado.

* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982.

LUGO

| | MARZO 2012 | VALORES CLIMÁTICOS | valor máximo da serie | valor mínimo da serie |
|-------------------------|---------------|--------------------|-----------------------|-----------------------|
| Tª media | 10.2 | 9.1 | 13.1 (1997) | 5.6 (1971) |
| Tª mínima media | 2.4 | 3.9 | 7.9 (1994) | 0.7 (1971) |
| Tª mínima absoluta | -2.6 (día 21) | -6.0 (09/03/1973) | | |
| Tª mínima máis alta | 7.6 (día 25) | 16.0 (10/03/1981) | | |
| Tª máxima media | 19.2 | 14.2 | 21.9 (1997) | 10.4 (1971) |
| Tª máxima absoluta | 26.1 (día 26) | 27.0 (09/03/2000) | | |
| Tª máxima máis baixa | 10.8 (día 18) | 4.0 (01/03/1993) | | |
| Precipitación acumulada | 18 | 60-85 | 179 (1979) | 0 (1997) |
| Días de chuvia (≥1mm) | 4 | 11 | 22 (1979) | 0 (1997) |

Comentario: Mes moi cálido tendo en conta a temperatura máxima porén, tendo en conta a temperatura mínima o mes resulta moi frío. Para a temperatura media o mes resulta cálido.

A chuvia rexistrada é moi inferior ó rango de valores normais polo que o mes considérase moi seco. O número de días de chuvia tamén é moi inferior ó agardado.

**PONTEVEDRA (LOURIZÁN)**

| | MARZO 2012 | VALORES CLIMÁTICOS | valor máximo da serie | valor mínimo da serie |
|-------------------------|---------------|--------------------|-----------------------|-----------------------|
| Tª media | 12.4 | 11.4 | 14.5 (1997) | 9.3 (1975) |
| Tª mínima media | 6.6 | 6.1 | 7.9 (1991) | 4.0 (1971) |
| Tª mínima absoluta | 0.6 (día 19) | -1.6 (01/03/1993) | | |
| Tª mínima máis alta | 13.2 (día 25) | 14.2 (24/03/1981) | | |
| Tª máxima media | 19.5 | 16.7 | 22.6 (1997) | 13.6 (1975) |
| Tª máxima absoluta | 26.5 (día 26) | 27.8 (10/03/2000) | | |
| Tª máxima máis baixa | 10.4 (día 18) | 8.6 (19/03/1980) | | |
| Precipitación acumulada | 40 | 89-166 | 268 (1981) | 0 (1997) |
| Días de chuvia (≥1mm) | 4 | 11 | 20 (1981) | 0 (1997) |

Comentario: Mes moi cálido tendo en conta as temperaturas máximas e medias, mentres que para a temperatura mínima o mes está dentro da normalidade.

A chuvia rexistrada é moi inferior ó rango de valores normais para esta época do ano, polo que o mes considérase moi seco. O número de días de chuvia tamén é moi inferior ó agardado.

OURENSE

| | MARZO 2012 | VALORES CLIMÁTICOS | valor máximo da serie | valor mínimo da serie |
|-------------------------|---------------|--------------------|-----------------------|-----------------------|
| Tª media | 10.2 | 11.3 | 14.8 (1997) | 8.5 (1984) |
| Tª mínima media | 2.4 | 4.6 | 7.8 (1981) | 0.6 (1973) |
| Tª mínima absoluta | -2.6 (día 21) | -4.0 (10/03/1973) | | |
| Tª mínima máis alta | 7.6 (día 25) | 15.0 (10/03/1981) | | |
| Tª máxima media | 19.2 | 18.0 | 25.4 (1997) | 13.6 (1975) |
| Tª máxima absoluta | 26.1 (día 26) | 28.6 (20/03/1992) | | |
| Tª máxima máis baixa | 10.8 (día 18) | 5.6 (13/03/1984) | | |
| Precipitación acumulada | 14 | 47-55 | 123 (1975) | 0 (1997) |
| Días de chuvia (≥1mm) | 3 | 8 | 20 (1979) | 0 (1997) |

Comentario: Mes moi frío para as temperaturas mínimas e moi cálido para as temperaturas máximas. Para as temperaturas medias o mes resultou cálido.


O mes considérase moi seco nesta localidade cun valor de precipitación acumulada moi inferior ó agardado. O número de días de chuvia é menos da metade do valor climatolóxico agardado.



4 TEMPERATURA

As temperaturas estiveron en xeral por riba dos valores agardados nun mes de marzo. Esta anomalía positiva foi ocasionada principalmente polos altos valores diúrnos coincidindo cos dous episodios de chegada de aire cálido procedente do norte de África, que deixou temperaturas superiores aos 25°C en moitos puntos. Así por exemplo, dende o día 22 e ata o propio 31 en Ourense capital superáronse eses 25°C tódalas xornadas.

4.1. Temperatura máxima media mensual.




Tmáx - 03/2012

www.meteogalicia.es

Figura 3: Mapa de temperatura máxima media do mes de marzo de 2012.



5 Temperatura mínima media mensual.



Tmín - 03/2012

www.meteogalicia.es

Figura 4: Mapa de temperatura mínima media do mes de marzo de 2012.



5.1. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000 marzo.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) respecto al período 1971-2000.



A táboa 1 mostra as anomalías positivas máis destacables, nas estacións meteorolóxicas pertencentes á rede de observación de MeteoGalicia.

| Anomalías máis altas de temperatura media con respecto ao período 1971-2000 | | | |
|--|--------------------------|------------|---------------|
| Estación | Concello | Provincia | Anomalía (°C) |
| Cabeza de Manzaneda | Manzaneda | Ourense | 3.5 |
| Xares | A Veiga | Ourense | 3.3 |
| Fornelos de Montes | Fornelos de Montes | Pontevedra | 3.3 |
| O Cebreiro | Pedrafita do Cebreiro | Lugo | 3.2 |
| Ancares | Cervantes | Lugo | 3.1 |
| Lardeira | Carballeda de Valdeorras | Ourense | 3.1 |
| Vigo-Campus | Vigo | Pontevedra | 2.9 |
| Amiudal | Avión | Ourense | 2.7 |
| Abradelo | Samos | Lugo | 2.7 |
| Monte Aloia | Tui | Pontevedra | 2.6 |

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de marzo de 2012.

A táboa 2 amosa as anomalías máis baixas rexistradas, na rede de estacións de MeteoGalicia, con respecto ao período climático 1971-2000.

| Anomalías máis baixas de temperatura media con respecto ao período 1971-2000 | | | |
|---|--------------------|------------|---------------|
| Estación | Concello | Provincia | Anomalía (°C) |
| Borreiros | Viveiro | Lugo | -0.4 |
| Penedo do Galo | Viveiro | Lugo | 0.3 |
| Foz | Foz | Lugo | 0.3 |
| Pedro Murias | Ribadeo | Lugo | 0.4 |
| Burela | Burela | Lugo | 0.5 |
| Mabegondo | Abegondo | A Coruña | 0.6 |
| Tremoedo | Vilanova de Arousa | Pontevedra | 0.6 |
| Corón | Vilanova de Arousa | Pontevedra | 0.7 |
| Mouriscade | Lalín | Pontevedra | 0.7 |

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de marzo de 2012.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de marzo de 2012 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente.

| Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de marzo de 2012 | | | | |
|---|----------------|--------------------|------------|---------|
| por debaixo dos 1000m de altitude | | | | |
| InstanteLectura | NombreEstacion | Concello | Provincia | TA (°C) |
| 26/03/2012 | Millara | Ferreira de Pantón | Lugo | 31.7 |
| 26/03/2012 | EVEGA Leiro | Leiro | Ourense | 31.0 |
| 26/03/2012 | Remuíño | Arnoia | Ourense | 29.2 |
| 26/03/2012 | Ourense | Ourense | Ourense | 28.9 |
| 25/03/2012 | A Granxa | Ponteareas | Pontevedra | 28.7 |
| 25/03/2012 | Cespón | Boiro | A Coruña | 28.4 |
| 25/03/2012 | Queimadelos | Mondariz | Pontevedra | 28.1 |
| 26/03/2012 | San Clodio | Ribas de Sil | Lugo | 28.0 |
| 30/03/2012 | Entenza | Salceda de Caselas | Pontevedra | 27.8 |
| 26/03/2012 | Mourelle | Sarria | Lugo | 27.7 |

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de marzo de 2012 a altitude menor de 1000 m.

| Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de marzo de 2012 | | | | |
|---|-----------------|--------------------------|-----------|---------|
| por riba dos 1000m de altitude | | | | |
| InstanteLectura | NombreEstacion | Concello | Provincia | TA (°C) |
| 26/03/2012 | O Invernadeiro | Vilariño de Conso | Ourense | 22.0 |
| 15/03/2012 | San Xoán de Río | San Xoán de Río | Ourense | 21.6 |
| 25/03/2012 | Corzos | A Veiga | Ourense | 21.4 |
| 26/03/2012 | Xurés | Muiños | Ourense | 21.2 |
| 25/03/2012 | O Invernadeiro | Vilariño de Conso | Ourense | 21.0 |
| 26/03/2012 | O Cebreiro | Pedrafita do Cebreiro | Lugo | 20.5 |
| 14/03/2012 | Serra do Eixe | O Barco del Valdeorras | Ourense | 19.7 |
| 26/03/2012 | Ancares | Cervantes | Lugo | 19.5 |
| 27/03/2012 | Casaio | Carballeda de Valdeorras | Ourense | 18.6 |
| 26/03/2012 | Lardeira | Carballeda de Valdeorras | Ourense | 18.1 |

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de marzo de 2012 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de marzo de 2012 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente.

| Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de marzo de 2012 | | | | |
|--|---------------------|--------------------------|-----------|---------|
| por riba dos 1000m de altitude | | | | |
| InstanteLectura | NombreEstacion | Concello | Provincia | TA (°C) |
| 20/03/2012 | Corzos | A Veiga | Ourense | -6.1 |
| 19/03/2012 | Cabeza de Manzaneda | Manzaneda | Ourense | -6.0 |
| 19/03/2012 | Xares | A Veiga | Ourense | -5.8 |
| 19/03/2012 | Lardeira | Carballeda de Valdeorras | Ourense | -4.9 |
| 21/03/2012 | O Invernadeiro | Vilariño de Conso | Ourense | -4.2 |
| 05/03/2012 | Ancares | Cervantes | Lugo | -4.0 |
| 20/03/2012 | O Cebreiro | Pedrafita do Cebreiro | Lugo | -3.7 |
| 19/03/2012 | Serra do Eixe | O Barco del Valdeorras | Ourense | -3.0 |
| 05/03/2012 | San Xoán de Río | San Xoán de Río | Ourense | -2.1 |
| 19/03/2012 | Xurés | Muiños | Ourense | -1.5 |

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de marzo de 2012 altitude superior a 1000 m.

| Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de marzo de 2012 | | | | |
|--|----------------|------------------|------------|---------|
| por debaixo dos 1000m de altitude | | | | |
| InstanteLectura | NombreEstacion | Concello | Provincia | TA (°C) |
| 21/03/2012 | Calvos | Calvos de Randín | Ourense | -6.7 |
| 05/03/2012 | Baltar | Baltar | Ourense | -6.7 |
| 21/03/2012 | Tioira | Maceda | Ourense | -6.0 |
| 21/03/2012 | Mourelle | Sarria | Lugo | -5.6 |
| 22/03/2012 | Baltar | Baltar | Ourense | -5.3 |
| 21/03/2012 | Verín-Vilela | Verín | Ourense | -5.2 |
| 05/03/2012 | Xinzo | Xinzo de Limia | Ourense | -5.1 |
| 20/03/2012 | Montederramo | Montederramo | Ourense | -5.0 |
| 05/03/2012 | Mouriscade | Lalín | Pontevedra | -5.0 |
| 20/03/2012 | Oímbra | Oímbra | Ourense | -4.7 |

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de marzo de 2012 altitude inferior a 1000m.



5.2. Evolución da temperatura media no período 1961-2012.




Figura 6: Evolución da temperatura media ó longo do período 1961-2012 para marzo.





Figura 7: Anomalía da temperatura media ó longo do período 1961-2012 para marzo.



6 PRECIPITACIÓN

As precipitacións foron moi escasas durante este mes, debido unha vez máis á presenza de altas presións de bloqueo situadas ao norte da península Ibérica. De feito en todo o mes soamente houbo unha xornada con chuvias persistentes e de carácter xeneralizado, que foi a do 17 e que explica practicamente a metade da chuvia do mes.

6.1. Precipitación acumulada mensual marzo 2012



Chuvia/lluvia - 03/2012

www.meteogalicia.es

Figura 8: Mapa de precipitación acumulada do mes de marzo de 2012.



6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1971-2000 do mes de marzo de 2012.



6.3. Días de chuvia en marzo de 2012




Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m² durante o mes de marzo de 2012.

Neste mes a escaseza de chuvia reflectiuse nun número de días de chuvia moi inferior ó valor normal agardado. Nalgunhas localidades das comarcas de Viana e de Valdeorras estes chegan a ter un valor cero.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de Meteogalicia durante o mes de marzo.

| Precipitacións acumuladas máximas en marzo de 2012 (L/m ²) | | | |
|--|--------------------|------------|----------------------------|
| Estación | Concello | Provincia | Chuvia (L/m ²) |
| Muralla | Lousame | A Coruña | 65 |
| Castrove | Poio | Pontevedra | 56 |
| Labrada | Abadín | Lugo | 55 |
| Fornelos de Montes | Fornelos de Montes | Pontevedra | 53 |
| Rebordelo | Cotobade | Pontevedra | 53 |
| Pereira | Forcarei | Pontevedra | 52 |
| Xesteiras | Cuntis | Pontevedra | 51 |
| Serra da Faladoira | Ortigueira | A Coruña | 51 |
| Cespón | Boiro | A Coruña | 49 |
| O Val | Narón | A Coruña | 46 |

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de marzo de 2012.

No litoral atlántico foi onde máis precipitación se rexistrou este mes de marzo.

| Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²) | | | | |
|--|------------|------------|----------------------------|--------------------|
| Estación | Concello | Provincia | Chuvia (L/m ²) | Instante de inicio |
| O Val | Narón | A Coruña | 35 | 17/03/2012 4:40 |
| Pereira | Forcarei | Pontevedra | 35 | 17/03/2012 2:40 |
| Castrove | Poio | Pontevedra | 31 | 17/03/2012 1:30 |
| Rebordelo | Cotobade | Pontevedra | 28 | 17/03/2012 3:10 |
| Labrada | Abadín | Lugo | 28 | 17/03/2012 6:30 |
| Serra da Faladoira | Ortigueira | A Coruña | 27 | 17/03/2012 5:30 |
| Areeiro | Pontevedra | Pontevedra | 27 | 17/03/2012 4:20 |
| Aldea Nova | Narón | A Coruña | 26 | 17/03/2012 2:10 |
| Melide | Melide | A Coruña | 25 | 17/03/2012 4:30 |
| Muralla | Lousame | A Coruña | 25 | 03/03/2012 6:30 |

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de marzo de 2012.



6.4. Evolución da precipitación no período 1961-2012




Figura 11: Evolución da precipitación acumulada en marzo respecto ó período 71-00.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en marzo respecto ó período 71-00.



7 VENTO

Só rexistráronse valores do refacho máximo superiores aos 100km/h, na estación de Punta Candieira (Concello de Cedeira) o día 11/03/2012, cun valor de 107.9 km/h. Para esta mesma localidade o día 17/03/2012 case se acadan os 100 km/h (99.7km/h).

Nas táboas seguintes preséntase un resumo no que se inclúen a rosa dos ventos das estacións meteorolóxicas escollidas, a velocidade media mensual, o refacho máximo (km/h) e a porcentaxe de calmas.

| PROVINCIA DE A CORUÑA | | | | | | |
|-----------------------|-----------|-----------------------|----------------------|----------|-------------------------|--------------------------------|
| Estación | Municipio | Refacho máximo (km/h) | Compoñente dominante | % calmas | Rosa dos ventos mensual | Velocidade media mensual (m/s) |
| | | Data | | | | |
| Lira | Carnota | 88.1 | NE | 21 | | |
| | | Día 11 | | | | |
| Punta Candieira | Cedeira | 107.9 | NE | 11 | | |
| | | Día 11 | | | | |
| Malpica | Malpica | 87.3 | E | 6 | | |
| | | Día 17 | | | | |









| PROVINCIA DE A CORUÑA | | | | | | |
|-----------------------|------------|-----------------------|----------------------|----------|-------------------------|--------------------------------|
| Estación | Municipio | Refacho máximo (km/h) | Compoñente dominante | % calmas | Rosa dos ventos mensual | Velocidade media mensual (m/s) |
| | | Data | | | | |
| Marco da Curra | Monfero | 65.4 | E | 7 | | |
| | | Día 3 | | | | |
| Río do Sol | Coristanco | 65.4 | N | 3 | | |
| | | Día 4 | | | | |

Táboa 9: Resumo do vento no mes de marzo de 2012 na provincia de A Coruña.



| PROVINCIA DE LUGO | | | | | | |
|-------------------|-----------|-----------------------|----------------------|----------|-------------------------|--------------------------------|
| Estación | Municipio | Refacho máximo (km/h) | Compoñente dominante | % calmas | Rosa dos ventos mensual | Velocidade media mensual (m/s) |
| | | Data | | | | |
| Burela | Burela | 86.0 | SE | 8 | | |
| | | Día 4 | | | | |
| Ancares | Cervantes | 84.2 | NE | 12 | | |
| | | Día 18 | | | | |

Táboa 10: Resumo vento no mes de maio de 2012 na provincia de Lugo





| PROVINCIA DE OURENSE | | | | | | |
|----------------------|-----------|-----------------------|----------------------|----------|--|---|
| Estación | Municipio | Refacho máximo (km/h) | Compoñente dominante | % calmas | Rosa dos ventos mensual | Velocidade media mensual (m/s) |
| | | Data | | | | |
| Xurés | Muiños | 74.4 | E | 13 |  |  |
| | | Día 23 | | | | |
| Alto do Rodicio | Maceda | 55.2 | NE | 7 |  |  |
| | | Día 1 | | | | |
| Gandarela | Celanova | 64.0 | NO | 28 |  |  |
| | | Día 23 | | | | |

Táboa 11: Resumo do vento no mes de marzo de 2012 na provincia de Ourense.

| PROVINCIA DE PONTEVEDRA | | | | | | |
|-------------------------|--------------------|-----------------------|----------------------|----------|--|---|
| Estación | Municipio | Refacho máximo (km/h) | Compoñente dominante | % calmas | Rosa dos ventos mensual | Velocidade media mensual (m/s) |
| | | Data | | | | |
| Fornelos | Fornelos de montes | 75.3 | E | 9 |  |  |
| | | Día 19 | | | | |




| PROVINCIA DE PONTEVEDRA | | | | | | |
|-------------------------|-----------|-----------------------|----------------------|----------|--|---|
| Estación | Municipio | Refacho máximo (km/h) | Compoñente dominante | % calmas | Rosa dos ventos mensual | Velocidade media mensual (m/s) |
| | | Data | | | | |
| Ons | Bueu | 67.1 | NE | 12 |  |  |
| | | Día 18 | | | | |

Táboa 12: Resumo do vento no mes de marzo de 2012 na provincia de Pontevedra.



8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual



1355 1454 1553 1653
Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de marzo de 2012.



8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.



9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou un total de 174 raios en Galicia. A súa distribución móstrase na figura 15.





Figura 14: Número de raios rexistrados en Galicia en marzo de 2012.

A continuación móstrase este número de raios distribuído por provincias.



Rede de estacións automáticas da CMA

Boletín Mensual Climatolóxico, Ano: 2012 Mes: 3

| Provincia Estación | Tª Media °C | | | Tª Máxima °C | | | Tª Mínima °C | | | Precipitación l/m2 | | | BHC ⁽¹⁾ l/m2 | Humidade relativa % | | | Radiación solar | | | Vento km/h | | Presión hPa Media | Número de días de: | |
|-----------------------|----------------|-------|------|-----------------|-------|------|-----------------|-------|------|-----------------------|------|-----|----------------------------|------------------------|------|------|-----------------|-----------------|------------------------|----------------|---------------|-------------------------|-----------------------|-------|
| | Med. | Absl. | Día | Med. | Absl. | Día | Med. | Absl. | Día | Total | Máx. | Día | | Stand. | Máx. | Mín. | Insolación % | Horas de sol | Irradiación 10kJ/m2 | Veloc. Med. | Racha Máx. | | Choiva ⁽²⁾ | Xeada |
| A Coruña | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| A Gándara | 11.6 | 16.3 | 23.4 | 29 | 7.9 | 3.5 | 21 | 33 | 10.3 | 4 | -63 | 75 | 92 | 53 | 70 | 255 | 1542 | 18.4 | 87 | 976 | 14 | 0 | | |
| Aldea Nova | 12.0 | 17.7 | 26.1 | 26 | 7.9 | 3.3 | 5 | 43 | 25.6 | 17 | -68 | 66 | 83 | 46 | 66 | 241 | 1590 | 12.2 | 65 | 992 | 9 | 0 | | |
